

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019463	Johan Carballeira	Bueu	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP01	Estética e beleza	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0636	Estética de mans e pés	2023/2024	4	107	128

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ÁNGELA FERRAL GIL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación contextualízase no IES Johan Carballeira, situado nunha área de influencia que abrangue a zona do Morrazo, Cangas e Bueu. O ámbito produtivo da/o técnica/o en Estética e Beleza, céntrase maioritariamente na contratación por conta allea na pequena e mediana empresa, xeralmente privada, ou de profesionais por conta propia que xestionan a súa propia empresa.

Esta programación adáptase as necesidades dun sector produtivo, facilitando a inserción laboral do alumnado. Contén a formación de soporte necesaria para desempeñar todas as cuestións relacionadas cas técnicas de manicura e pedicura para o embelecemento e os coidados de mans, pes e uñas.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O espazo de traballo	Identificación, selección,e medidas de hixiene desinfección e esterilización das instalacións equipos, materiais e cosméticos	14	15
2	Procesos estéticos de manicura e pedicura	Defínense os distintos procesos de manicura e pedicura e estúdase a morfoloxía e alteracións de mans e pés, para deseñar o protocolo axeitado ás necesidades e demandas do cliente, que se recollerá na ficha técnica, e identifícanse as normas de comportamento e estéticas do profesional	18	15
3	Técnicas de manicura e pedicura	Aplícanse técnicas de manicura e pedicura segundo os protocolos establecidos, coas medidas de seguridade e hixiene específicas	46	30
4	Tratamentos de mans e pés	Descríbense protocolos de tratamento de mans e pés específicos, integrando os diferentes medios e técnicas aplicándoos medidas de mantemento, hixiene, desinfección e esterilización	26	20
5	Decoración e maquillaxe de uñas	Clasifícanse os produtos de decoración e maquillaxe e fanse deseños gráficos de maquillaxes de uñas, aplican-do e realizando diferentes deseños e técnicas.	24	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O espazo de traballo	14

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica a área de traballo e prepara os espazos, os equipamentos, os cosméticos, os aparellos e o profesional para a realización dos procesos de manicura e pedicura.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse as instalacións e os espazos onde se vaian realizar os procesos estéticos de manicura e pedicura.
CA2.2 Mantivéronse as instalacións en óptimas condicións hixiénicas antes do seu uso e despois.
CA2.3 Seleccionáronse os equipamentos, os materiais e os cosméticos.
CA2.4 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.
CA2.5 Detalláronse as pautas básicas para a recepción e atención á clientela.
CA2.6 Simuláronse a recepción e a atención á clientela coa aplicación de técnicas de comunicación e normas de comportamento.
CA2.7 Identifica as actitudes e as destrezas necesarias para o desempeño do proceso de manicura e pedicura
CA2.8 Descríbense as normas que definen unha correcta imaxe profesional.
CA2.9 Coidouse a imaxe do persoal profesional.
CA2.10 Identifica as actitudes e as destrezas necesarias para o desempeño do proceso de manicura e pedicura.
CA2.11 Caracterizáronse as posicións anatómicas axeitadas e as medidas de protección persoal e da clientela no proceso da estética das mans e dos pés.
CA2.12 Manexáronse con destreza os utensilios, os aparellos e os cosméticos.
CA2.13 Aplicáronse os métodos máis axeitados de mantemento, desinfección e esterilización da área de traballo para a estética das mans e dos pés.

4.1.e) Contidos

Contidos
Distribución de espazos. Ambiente. Importancia da luz. Sistema de renovación do aire.
0Instalacións: seguridade e hixiene; aplicación de métodos de hixiene e desinfección.

Contidos
<p>Medidas de protección do persoal profesional e da clientela durante o proceso de manicura e pedicura. Ergonomía e hixiene postural.</p> <p>Manexo, aplicación e conservación dos utensilios e os aparellos.</p> <p>Manipulación, aplicación, conservación e mantemento dos cosméticos: efectos, indicacións e contraindicacións.</p> <p>Pautas para a aplicación e o mantemento de materiais, utensilios, equipamentos e cosméticos.</p> <p>Normativa nos procesos de manicura e pedicura. Pautas de aplicación.</p> <p>Equipamentos e cosméticos utilizados en manicura e pedicura.</p> <p>Imaxe e profesionalidade: imaxe do persoal profesional como imaxe de empresa (vestimenta, calzado, hixiene corporal, peiteado e complementos).</p> <p>Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal.</p> <p>Importancia do traballo en equipo.</p> <p>Recepción e atención á clientela para o proceso de manicura e pedicura. Normas para a primeira cita.</p> <p>Instrumentos de identificación das necesidades e demandas da clientela. Asesoramento e derivación a superiores ou diferentes profesionais.</p> <p>Actitudes, destrezas e habilidades necesarias para o proceso de manicura e pedicura.</p> <p>Métodos de limpeza, desinfección e esterilización: clasificación.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Procesos estéticos de manicura e pedicura	18

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina o proceso de manicura e pedicura, observando a morfoloxía das mans e dos pés, e en relación coas demandas da persoa usuaria.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Definíronse os procesos estéticos de manicura e pedicura.
CA1.1.1 definíronse os procesos estéticos de manicura
CA1.1.2 definíronse os procesos estéticos de pedicura
CA1.2 Estudouse a morfoloxía dos pés e das mans.
CA1.2.1 Estudouse a morfoloxía das mans
CA1.2.2 estudouse a morfoloxía dos pés
CA1.3 Estudáronse as alteracións características da pel das mans e dos pés.
CA1.4 Valoráronse as necesidades, as demandas e os gustos da persoa usuaria.
CA1.5 Identificáronse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores.
CA1.6 Deseñáronse os protocolos para realizar as técnicas estéticas de manicura e pedicura.
CA1.7 Rexistráronse na ficha técnica os protocolos, os datos persoais e a información de interese profesional.
CA1.8 Coidáronse as medidas estéticas do profesional que realiza estas técnicas.

4.2.e) Contidos

Contidos
Clasificación dos servizos de manicura e pedicura. Deseño de protocolos.
Estudo estético das mans, os pés e as uñas.
Control de calidade na prestación do servizo. Recepción e atención á persoa usuaria. Imaxe do profesional como factor de calidade na prestación do servizo: coidados estéticos.

Contidos
Clasificación dos servizos de manicura e pedicura. Deseño de protocolos.
Arquivo e conservación da documentación.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Técnicas de manicura e pedicura	46

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica técnicas de manicura e pedicura seguindo as normas de seguridade e hixiene establecidas.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Planificouse a acomodación e a protección da persoa usuaria atendendo a criterios de confortabilidade e seguridade.
CA3.2 Selecciónóronse os protocolos de actuación para a realización das técnicas estéticas de manicura e pedicura, aplicando medidas de seguridade e hixiene específicas.
CA3.2.1 Selecciónóronse os protocolos de actuación para a realización das técnicas estéticas de manicura, aplicando as medidas de seguridade e hixiene específicas
CA3.2.2 Selecciónóronse os protocolos de actuación para a realización das técnicas estéticas de pedicura, aplicando as medidas de seguridade e hixiene específicas
CA3.3 Aplicáronse técnicas de desmaquillaxe da lámina ungueal.
CA3.3.1 Aplicáronse as técnicas de desmaquillaxe da lámina ungueal na manicura
CA3.3.2 Aplicáronse as técnicas de desmaquillaxe da lámina ungueal na pedicura
CA3.4 Realizáronse as técnicas de conformación de uñas: corte, arranxo e forma.

Criterios de avaliación
CA3.4.1 Realizáronse as técnicas de conformación de uñas, corte , arranxo e forma no proceso de manicura
CA3.4.2 Realizáronse as técnicas de conformación de uñas, corte , arranxo e forma no proceso de pedicura
CA3.5 Limáronse e puíronse as uñas segundo a súa morfoloxía.
CA3.5.1 Limáronse e puíronse as uñas segundo a súa morfoloxía no proceso de manicura
CA3.5.2 Limáronse e puíronse as uñas segundo a súa morfoloxía no proceso de pedicura
CA3.6 Aplicáronse as técnicas de acondicionamento e/ou retirada de cutícula.
CA3.6.1 Aplicáronse as técnicas de acondicionamento e/ ou retirada de cutícula no proceso de manicura
CA3.6.2 Aplicáronse as técnicas de acondicionamento e/ ou retirada de cutícula no proceso de pedicura
CA3.7 Adaptáronse as técnicas de manicura e pedicura ás características e ás necesidades dun usuario masculino.
CA3.7.1 Adaptáronse as técnicas de manicura ás características e ás necesidades dun usuario masculino
CA3.7.2 Adaptáronse as técnicas de pedicura ás características e ás necesidades dun usuario masculino
CA3.8 Aplicáronse as técnicas de masaxe, para o que se xustificou a súa secuencia, os seus efectos, as súas indicacións e as súas contraindicacións.
CA3.8.1 Aplicáronse as técnicas de masaxe na manicura
CA3.8.2 Aplicáronse as técnicas de masaxe na pedicura

4.3.e) Contidos

Contidos
Recepción, acomodación e protección da persoa usuaria.
Manicura básica, conformación, cutícula, e limpeza do leito e da lámina.
Técnica de desmaquillaxe de uñas: lámina e dobramento periungueal.

Contidos
Arranxo e forma. Técnica do corte de uñas de mans e pés. Técnica de limadura e puimento das uñas. Técnica de acondicionamento e retirada de cutículas. Técnicas específicas de manicura e pedicura masculina e feminina. Manobras de masaxe de mans e pés: secuencia, efectos, indicacións e contraindicacións; utilización.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Tratamentos de mans e pés	26

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Elabora tratamentos estéticos específicos das mans, os pés e as uñas, integrando no proceso técnicas novas.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Descríbense protocolos específicos de tratamentos para os pés, as mans e as uñas.
CA4.2 Identifícanse as técnicas de masaxe específicas.
CA4.3 Planifícanse os equipamentos, os medios e os cosméticos empregados nos tratamentos e nas técnicas de manicura e pedicura.
CA4.4 Manéxanse os aparellos para os tratamentos específicos: efluvios, ventosas cepillos, pulverizadores, parafina, etc.
CA4.5 Utilízanse os cosméticos específicos segundo os procedementos de uso e medidas hixiénico-sanitarias.
CA4.6 Integráronse as técnicas, os aparellos e os cosméticos para realizar os tratamentos estéticos para mans e pés.
CA4.7 Aplicáronse técnicas de mantemento e coidado de aparellos, utensilios e cosméticos.
CA4.8 Demostráronse os coñecementos da normativa hixiénico-sanitaria sobre o uso e a eliminación dos residuos e os utensilios dun só uso utilizados na aplicación destas técnicas.

4.4.e) Contidos

Contidos
Clasificación dos tratamentos estéticos de mans e pés.
Equipamentos empregados en tratamentos de mans e pés (equipamentos de correntes de alta frecuencia para a aplicación de efluvios, ventosas, vibradores, cepillos e radiacións infravermellas); descrición, fundamento científico e criterios de selección.
Cosméticos específicos: criterios de selección e utilización.
Procedemento de aplicación de tratamentos.
Normas de uso, efectos indicacións e contraindicacións.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Decoración e maquillaxe de uñas	24

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza a decoración de uñas combinando técnicas e cosméticos.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Deseñáronse de forma gráfica diversas maquillaxes de uñas.
CA5.2 Clasifícanse os produtos de decoración e maquillaxe por textura e técnicas de aplicación.
CA5.3 Aplicáronse técnicas de maquillaxe mixtas: aerógrafo e pincel.
CA5.4 Aplicáronse técnicas de maquillaxe con esmaltes: mixtas, de pincel e punzón.
CA5.5 Aplicáronse técnicas de maquillaxe con produtos acrílicos.

Criterios de avaliación

CA5.6 Realizáronse diversos tipos e deseños de maquillaxe de uñas: francesa, media lúa, picos, diagonal, floral, marmoreamento e fantasías.

CA5.7 Executáronse técnicas de piercing no bordo libre da uña.

CA5.8 Executáronse técnicas específicas de embelecemento da uña masculina.

CA5.9 Verificáronse os resultados comparándoos coas demandas, os gustos e as necesidades da persoa usuaria.

4.5.e) Contidos**Contidos**

Técnica de puimento e maquillaxe de uñas.

Clasificación dos esmaltes pola súa textura.

Técnicas de maquillaxe con acrílicos.

Técnica de fantasía: altorrelevo, baixorrelevo con punzón e pegado.

Técnicas de piercing en bordo libre da uña: preparación, perforación e acabamento (pechamento de garza e de rosca).

Técnicas de maquillaxe con esmalte: pincel, aerógrafo e punzón.

Técnicas de deseños de maquillaxe de uñas.

Tipos de maquillaxes de uñas: francesa, media lúa, picos, diagonal, floral, marmoreamento e fantasía.

Pautas de asesoramento sobre o coidado de mans e pés.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

-MÍNIMOS EXIXIBLES:

Os mínimos exixibles serán todos os criterios de avaliación establecidos no currículo vixente e que se tiveron en conta para elaborar esta programación.

- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación será continua, formativa e integradora. Que sexa continua, non implica que aprobar a 3ª avaliación supoña aprobar o curso si está suspensa algunha das anteriores. Para aprobar o curso, hai que aprobar todas as avaliacións, polo tanto a nota da terceira avaliación e final, será suspensa se o alumno ten pendiente algunha das tres avaliacións. Poderanse facer exames prácticos e teóricos en cada avaliación.

- PROBAS PRÁCTICAS E TRABALLOS NA AULA-TALLER

Como norma xeral, os alumnos deben traer modelos (cando o requira o docente) e atender aos modelos que acuden o taller (cando o requira o docente) aínda que non sexan coñecidos ou familiares, pois é necesario que se acostumbren a tratar á clientela, xa que así se vai a desenvolver o seu traballo no futuro. Nun principio traballarán entre eles/as en pequenos grupos asignados pola docente. Cada alumno traerá todos os días o seu equipo de traballo en perfecto estado de conservación e hixiene.

Será necesario para aprobar o módulo, é dicir, acadar unha nota de 5, a realización dunha serie de traballos mínimos, que serán comunicados ao longo de cada trimestre, en función do número de sesións e do tempo necesario para realízalos e da evolución dos alumnos. As primeiras sesións das actividades prácticas, dedicaránse a familiarizarse cos utensilios, produtos, e protocolos necesarios para facer os traballos, a partir de ahí, comunicaráselle aos alumnos os traballos mínimos para acadar o 5 e o tempo que teñen para realízalos.

Para subir esa nota será necesario a realización de máis traballos nas condicións que determinará o profesor, (en modelo real, alleo ao salón, compañeiro/a de clase, manequín, traballos escritos etc) .

A avaliación de cada tarefa, fázase mediante observación directa e reflexarase nunha táboa de observacións, con varios ítems, Preparación de material, Execución de pasos, Destreza, Tempo empregado , Resultado final ,uniformidade ,imaxe persoal, iniciativa, orde e limpeza da zona de traballo etc. Ditos ítems están especificados mediante rúbrica e valoraranse en 5 niveis de desempeño (0%, 0,25% , 0,5% , 0,75% y 1,00%) para que o traballo sexa apto todos e cada un dos ítems deben acadar un 0,5%.

Cada ítem está especificado mediante rúbrica, e son todos de obrigado cumprimento, no caso de que non se cumpran cada un deles penalizará un - 0,10 cada vez que non se realice. As probas prácticas terán un peso dun 70% da nota.

PROBAS TEÓRICAS

Todos os traballos valoraranse do 0 o 10. O examen escrito consistirá en preguntas de desenrolo, preguntas con resposta curta, preguntas tipos test etc Tamén se poderán realizar traballos elaborados polo alumnado , de maneira individual ou en grupo, e que poderán ser escritos, ou escritos con exposición oral, estes traballos avaliaránse mediante unha rúbrica cos seguintes ítems(presentación,(10%) expresión escrita ou oral ,(10%) número de respostas correctas(10%), inclusión de aspectos relevantes,(10%) precisión das respostas(50%),recursos didácticos(10%) As probas escritas terán un peso do 30% da nota.

- OS PORCENTAXES COS QUE SE FORMA A NOTA FINAL

Será en función dos pesos dos CA avaliados, especificados en cada unidade. Hai CA de contido teórico que se avalían mediante proba escrita(parte teórica) e outros de contidos prácticos que se avalian coas táboas de observación,(parte práctica) é necesario acadar un 5 en cada unha das partes para aprobar. Cada parte terá unha porcentaxe que estará determinada polos pesos dos CA avaliados. Será necesario superar os CA vinculados os mínimos exisibles para aprobar.

Será imprescindible ter un 5 en cada unha das partes (práctica e teórica) para facer media.

-TRATAMENTO DOS DECIMAIS

A cualificación dunha avaliación sempre se fará mediante un número enteiro, motivo polo que os decimais resultantes, se redondearán a alza ou a baixa ó enteiro máis próximo; se equidistara de dous enteiros consecutivos, redondearase ó superior.

-CASO DE NON PRESENTARSE A UN EXAME OU PROBA

Se un alumno non se presenta(sin causa xustificada) a unha proba ou exame, obterá como cualificación na mesma un suspenso. Esta proba (teórica ou práctica) só se lle repetirá, no caso de enfermidade sobrevida e con xustificante médico.

Caso de non presentar en prazo un traballo: Se un alumno nunha avaliación non presenta un traballo no prazo establecido, contará como non presentado, se é obrigatorio para aprobar, suspenderá a avaliación. O alumno terá que entregar o traballo, se é requisito obrigatorio, aínda que sexa fora de prazo, e teráselle en conta para a recuperación da avaliación, a entrega do traballo será requisito indispensable para poder recuperala.

- DESENVOLVEMENTO DAS CLASES

1.En canto o desenvolvemento das clases e na realización de probas e traballos, é obrigatorio para o alumnado o seguinte:

Presentarse nas clases diarias e nas probas escritas e prácticas co seu material, medios e indumentaria persoal profesional axeitada, , para a realización de técnicas de manicura e pedicura, segundo se indique ao inicio do curso, en cada trimestre e para as probas coas especificacións indicadas pola profesora en cada caso.

A profesora poderá requerir a realización por escrito das probas prácticas previamente a súa execución. A profesora indicará o procedemento a seguir en cada caso, e estas poderán incluír: fases, secuenciación, medios materiais e cosméticos, tempos, etc, dos procesos, así como a súa xustificación, neste caso de xeito escrito ou oral durante o desenvolvemento do proceso.

2. Cando se teña constancia de que un alumno/a está copiando, empregando calquera medio ou procedemento, con axuda externa ou dun compañeiro da clase, farase constar no exame e indicárselle que non pode continuar a proba ou traballo práctico de ser o caso, Cualificarase a



proba ou traballo práctico con un cero. Isto último tamén se terá en conta en caso de ter constancia a posteriori de que copiou ou outro/a compañeira lle realizou o traballo.

3. Segundo a Orde do DOG nº 136 do 15-7-2011 aplicarase o seguinte:

O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.

4- O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que perdesen o dereito á avaliación continua.

5- O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Cando algún alumno/a non alcance unha calificación suficiente en calquera dos conceptos avalidados para os que se considere necesario a súa consecución, estableceranse actividades específicas de recuperación que realizarán ó longo da seguinte avaliación. Daránselle as orientacións e apoios necesarios para tentar superarla, tendo en conta para iso os contidos mínimos esixibles e os criterios de avaliación asociados.

Avaliarase sobre os criterios de avaliación que constan nesta programación.

No período de recuperación faranse as seguintes actividades:

- Realización de esquemas dos contidos de maior carga teórica
- Realización de táboas de clasificación de técnicas, cosméticos, etc.
- Realización de protocolos e traballos prácticos sobre procesos de manicura e pedicura, tratamentos específicos de mans e pés, decoración de uñas empregando diferentes técnicas e cosméticos, e integrándoos segundo os casos.

_Realizaranse :

- Probas escritas para os criterios nos que así se especifica
- Probas prácticas: para os criterios onde se indica lista de cotexo e taboa de observación
- Traballos do alumno como esquemas, clasificacións, presentación de muestrarios, etc indicado como outros

O/a alumno/a deberá realizar obrigatoriamente tódalas probas escritas e prácticas, e traballos para obter a unha avaliación positiva.

A cualificación calcularase:

- Probas escritas: 30 %
- Probas prácticas e traballos diarios: 70 %

Obterá avaliación positiva se acadar un 5 ou máis tanto na parte teórica coma na parte práctica

A/O alumna/o deberá traer o seu material persoal e indumentaria axeitada, indicado pola profesora ao inicio do curso, e modelos humanos con uñas naturais, para o desenvolvemento das clases de recuperación e para a realización das probas específicas e traballos.

O alumnado deberá presentarse as probas escritas e prácticas cos seus medios, material, indumentaria persoal profesional axeitada, e modelo/s humanos femininos (se o require o docente) con uñas naturais, coas especificacións indicadas pola profesora si esta así o require. En caso contrario non se poderán calificar ou calificaranse negativamente os aspectos ou criterios da avaliación aos que afecten

A profesora poderá requirir a realización por escrito das probas prácticas previamente a súa execución. A profesora indicará o procedemento a seguir en cada caso, e estas poderán incluír: fases, secuenciación, medios materiais e cosméticos, tempos, etc, dos procesos, así como a súa xustificación, neste caso de xeito escrito ou oral durante o desenvolvemento do proceso.

Cando se teña constancia de que un alumno/a está copiando, empregando calquera medio ou procedemento, con axuda externa ou dun compañeiro da clase, farase constar no exame e indicárselle que non pode continuar a proba ou traballo práctico de ser o caso, Cualificarase a proba ou traballo práctico con un cero. Isto último tamén se terá en conta en caso de ter constancia a posteriori de que copiou ou outro/a compañeira lle realizou o traballo.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que perdan o dereito a avaliación continua(superar o numero de faltas do 10% das horas totais do módulo) terán unha proba extraordinaria. A data da mesma, será acordada polo equipo directivo, sobre a base dos regulamentos de organización e funcionamento do mesmo e darase a coñecer ó alumnado con antelación suficiente.

A proba constará parte teórica y parte práctica.

Na parte práctica a alumna/o deberá desenvolver un suposto práctico axustado ós contidos mínimos do módulo. Protocolizado e xustificado.

Para a súa realización a alumna/o deberá traer:

Modelos que se adapten as características requiridas para a proba, expostas con anterioridade a realización da mesma, así como o todo o material necesario para a súa realización. Deberá estar perfectamente uniformado/a e protexido/a cos equipos de protección persoal necesarios.

A profesora poderá requirir a realización por escrito das probas prácticas previamente a súa execución. A profesora indicará o procedemento a seguir en cada caso, e estas poderán incluír: fases, secuenciación, medios materiais e cosméticos, tempos, etc, dos procesos, así como a súa xustificación, neste caso de xeito escrito ou oral durante o desenvolvemento do proceso.

O peso na cualificación será:

-Probas practicas 70%.

-Probas teóricas 30%.

Será necesario obter unha cualificación mínima de 5 en cada unha das partes para a superación da proba. No caso de que a nota resultante sexa un decimal, redondearase da seguinte forma: se o decimal é inferior a 5, redondearase á baixa, porén se o decimal é superior o 5 redondearase a alta.

Valorarase:

-O grao de coñecemento dos contidos mínimos esixidos.

-A capacidade de razoamento, iniciativa e creatividade na resolución de problemas.

-Normas de protección e hixiene da modelo e da alumna/o.

- A secuenciación e destreza e xustificación de cada fase do proceso

A proba teórica e práctica terá unha duración máxima de 5 horas .

_Cando se teña constancia de que un alumno/a está copiando, empregando calquera medio ou procedemento, con axuda externa ou dun compañeiro da clase, farase constar no exame e indícaráselle que non pode continuar a proba ou traballo práctico de ser o caso, Cualificarase a proba ou traballo práctico con un cero. Isto último tamén se terá en conta en caso de ter constancia a posteriori de que copiou ou outro/a compañeira lle realizou o traballo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A presente programación avaliarase mediante o procedemento establecido polo control do sistema de calidade establecido no centro. Dito control realízase principalmente por medio do cumprimento dos seguintes documentos:

- Actividades de aula desenvolvidas, que recolle a información sistemática sobre as actividades docentes realizadas polo profesor e emitida polo mesmo, para realizar un autocontrol de ditas actividades.
- Recollida de datos para a xunta de avaliación, que recolle as conformidades/non conformidades e as actuacións derivadas das non conformidades referentes ó alumnado (suspensos) e cumprimento da programación.
- Memoria fin de curso, na que, entre outros temas, trátase da porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.
- Ademais, en reunión de departamento, o longo do curso, realízase o seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se é o caso

FICHA MODELO: AUTO-AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN E PRÁCTICA DOCENTE:

Puntos a valorar / valoración: Si \ No \ En parte

- 1.A programación deixa claro os obxectivos máis relevantes.
- 2.A metodoloxía utilizada favorece a participación dos alumnos na clase e é motivadora de futuros aprendizaxes.
- 3.As actividades plantexadas espertan o interés dos alumnos.
- 4.Valoran positivamente os alumnos o seu centro educativo.
- 5.Propoñense actividades que gardan estreita relación coa competencia xeral do ciclo formativo.
6. Aplícanse las medidas de profundización e recuperación previstas na programación.

7. Utilizan os alumnos recursos materiais, bibliográficos, TIC o institucionais para a realización dos traballos o para profundizar nos contidos
 8. Depositán os alumnos a súa confianza no centro en aspectos relacionados coa súa inserción laboral (FCT, bolsa de traballo...)
 9. Analízanse os resultados da FCT e as indicacións que poidan facer os titores da empresa e utilízanse para futuras programacións
 10. Os resultados obtidos están sendo similares a outros grupos do mesmo nivel e o de cursos anteriores
 11. O clima de aula favorece o desenrolo normal da clase.
 12. Hai canles establecidos para resolver os conflitos cando xurden
 13. Os medios do centro son adecuados para cumprir os obxectivos do noso módulo e están adaptados o tipo de alumnado
 14. Existe coordinación entre o equipo docente do grupo
- Outras Observacións:
Propostas de mellora

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó comezo das actividades do curso académico, realizarase unha sesión de avaliación inicial, que terá por obxecto, coñecer as características e formación previa do alumnado, así como as súas capacidades e necesidades. Tamén servirá para orientar e situar o/a alumno/a en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión contrastaránse datos aportados por outros docentes.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que se tomen, recolleranse nunha acta, incluíndo especialmente os aspectos referidos á flexibilización das ensinanzas. Esta avaliación inicial, en ningún caso, comportará cualificación para o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dada a diversidade de alumnado que accede aos ciclos formativos, traballaremos os contidos segundo as necesidades do momento, do grupo e do alumno/a en particular.

Ó longo do curso presentaranse exercicios e actividades con diferentes grados de dificultade, o cal permite ao profesor/a seleccionar os máis adecuados ó nivel do alumnado e ás súas capacidades. Para seleccionar os máis axeitados, terase en conta a avaliación inicial, o progreso e o grado de consecución dos obxectivos prantexados.

Ó alumnado que non responda ós obxectivos programados, daránselle as orientacións e apoios necesarios, tendo en conta para iso os contidos mínimos esixibles e os seus criterios de avaliación asociados.

As actividades reforzo e aprofundamento ao longo do curso levaranse a cabo do seguinte xeito:

Ofrecer para cada actividade tres posibilidades:

- Unha actividade común para todo o alumnado con fin de asimila-los contidos mínimos.
- Unha máis complexa para o alumnado que acade os obxectivos previstos onde se afofde nós coñecementos adquiridos.
- Unha máis sinxela, cunha metodoloxía distinta e máis secuenciada, para que aquel alumnado que non acadara os mínimos, sexa capaz de chegar por outro camiño ós fins propostos.
- Seguimento máis preto do profesor ou profesora do alumnado con dificultades para acadar os obxectivos.
- No caso de detectar alumnos con necesidades especiais, discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais, dificultades de idioma... etc. E sempre co asesoramento do equipo de orientación, o titor, e os profesores implicados adoptarán as medidas recomendadas por dito equipo.
- Para o alumnado que non supere o módulo, ademais das medidas anteriormente expostas, realizaranse probas orais ou/e escritas, xunto coa realización dalgunha das actividades das unidades de traballo nas que non se acadaran os obxectivos previstos, no mes de xuño.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os temas transversais deben impregnar todo o proceso educativo dos ciclos formativos. Partimos dunha tarefa educativa que non só faga boas e bos profesionais, senón persoas con criterios, con análise e visión crítica. Fomentar o respecto, tolerancia, liberdade e igualdade entre as persoas.

É importante promover no alumnado pautas de condutas saudables, a valoración da propia imaxe como parte da personalidade e potenciar e mellorar a autoestima e o autoconcepto

TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS

Educación moral e cívica:

- Elaborar de forma autónoma e racional, a través do diálogo cos outros, de principios xerais de valores que axuden a xulgar criticamente a realidade.
- Conseguir que os/as xoves fagan seus todos os tipos de comportamento coherente cos principios e normas construídas.
- Lograr que adquiran normas e valores democráticos e xustos.

Educación para a paz:

- Fomentar os valores de solidariedade, tolerancia, respecto á diversidade e capacidade de diálogo.
- Desenvolver a autonomía e autoafirmación individual.
- Introducir a reflexión sobre distintas formas de violencia.

Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos:

- Rexeito das desigualdades e discriminacións derivadas da pertenza a un sexo.
- Posibilidade de identificar situacións nas que se produce este tipo de discriminación e de analizar as súas causas.

- Adquisición de formas de comportamento acordes con estes principios.

Educación ambiental:

- Respetar o entorno físico e natural.
- Comprender as actividades humanas e a súa repercusión na natureza.

Educación do consumidor:

- Rexeito ó consumismo e a degradación do medio ambiente.
- Responsabilidade do alumnado como consumidores.
- Desenvolver actitudes críticas fronte ó consumo irresponsable.
- Fomentar o consumo responsable.

Educación para a saúde:

- Desenvolver a capacidade do alumnado para vivir en equilibrio co seu entorno físico, biolóxico e sociocultural.
- Coñecer o seu propio corpo e as formas de mellorar o seu funcionamento.
- Reflexionar sobre as sustancias que perxudican o organismo e adquirir hábitos de saúde axeitados.
- Autotest covid.
- Protocolos do departamanto fronte a covid.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Asistencia a cursos, demostracións, exposicións, xornadas e congresos profesionais, tanto no centro docente como forá de éste, baixo a coordinación e dirección do departamento de Imaxe Persoal.
- Calquera outra que se considere de interés para mellorar a aprendizaxe e profesionalidade do alumnado, segundo os obxetivos do módulo, e do ciclo en xeral.



10. Outros apartados

10.1) TEMPORALIZACIÓN

O tratarse de avaliación continua e dada a progresión necesaria para o aprendizaxe e destrezas dos contidos, e adaptando a formación á realidade profesional dos contidos deste módulo, favorecendo así a adaptación ao mercado laboral, a temporalización e secuenciación da aprendizaxe non se axustará a orde establecida nas UD.

10.2) MODELOS

Para a realización das prácticas na aula-taller se lle esixirá a todo o alumnado que se poña de modelo para os/as compañeiros/as que lle adxudique o docente

10.3) ACTITUDE DO ALUMNADO

Cando un alumno/a non trate axeitadamente o material de traballo do centro para o uso e na forma indicada pola profesora, debará traer o seu propio material para a realización das prácticas.

Cando un alumno non traia o material persoal ou uniforme indicado pola profesora, non cumpra as normas de hixiene, actitudes correctas, etc. non poderá realizar as tarefas prácticas que correspondan a esa xornada, indicándolle a profesora outras tarefas relacionadas co módulo.